



PREPARANDO O INICIO DE CURSO 2020-21:

Entrega de Libros (Fondo da Xunta e ANPA) e baleirado de armarios con chave

Dada a morea de preparativos contra o reloxo nos que estamos inmersos queremos solucionar o antes posible estes dous asuntos.

Polo que **vos convocamos para as dúas mañás do venres 18 e o luns 21 de 9 a 13:30 na aula de debuxo** para darvos os libros e recollervos as chaves dos armarios (taquillas) a quen as teña no seu poder. Insistimos en que **graduedes a vosa chegada para evitar aglomeracións:**

- **de 9 a 11:30 1º e 2º de ESO.**
- **de 11:30 a 13:30 3º e 4º de ESO.**

A ENTREGA DE LIBROS.-

RESPECTO DOS LIBROS DO FONDO DA XUNTA. Debe vir recollelos a persoa adulta que asinou a solicitude. No caso de non poder vir, que escriba - a man vale - unha autorización para que outro adulto os recolla no seu lugar. O alumnado de 1º e 2º non ten dereito a este lote de libros ao participar no programa E-Dixgal.

RESPECTO DOS LIBROS DA ANPA. Pode recollelos calquera persoa, adulta ou alumno. O alumnado de 1º e 2º que os teña solicitado poderá ter acceso aos libros das linguas estranxeiras que son as que quedaron fóra do programa Edixgal.

A DEVOLUCIÓN DAS CHAVES DOS ARMARIOS.-

Este curso que empeza **cambiaremos o réxime de uso dos armarios.**

Mercáronse mais e podemos xa garantir un armario por alumno. Neste ano COVID19 o material escolar - as ditosas mochilas - deberán reducirse ao mínimo imprescindible. Non poderán circular polo centro, nin intercambiarse, nin deixarse tiradas amoreadas en calquera parte... Dada a escaseza de espazo, o único lugar onde podemos garantir que cada quen deposite o material persoal e intransferible serán os armarios. Espallámoslos polos corredores, preto das aulas para evitar aglomeracións.

Asignarase un armario a cada alumno/a. Terá que traer o seu propio cadeado. E deberá baleirarse o 30 de xuño. Deberá asinar a familia un compromiso para o seu bo uso e deixar 10€ de fianza que se devolverán cando se desocupe ao final de curso en perfectas condicións (enviaranse estas condicións por escrito).

Precisamos entón que se baleiren os armarios que están ocupados hoxe en día, e se devolvan as chaves (O depósito que fixestes cando as adquiristes serviravos xa de fianza para este curso). Así procederemos á súa limpeza e desinfección. **Pregamos que esas mesmas mañás adicadas á entrega de libros, ás horas establecidas, se proceda - pode ser o propio alumnado - á devolución das chaves.**

Moitas grazas pola vosa colaboración
O Equipo directivo